



## Vacantes e datas do CXT

Como todos os anos trasladamos a necesidade de negociar as vacantes definitivas do CXT nesta mesa, e sobre todo tendo en conta a sentenza das prazas de conservatorios das que falaremos despois.

Solicitamos información de que datas ten a administración previstas para pechar o listado de vacantes e para a publicación definitiva do CXT.

Tamén solicitamos unha revisión lingüística das aplicacións informáticas da Consellaría. Só por poñer un exemplo levamos anos lendo buzón de informes, e a palabra “buzón” é un castelanismos.

**Seguimos sen datas, nunca antes de semana santa, farán a revisión lingüística dos aplicativos.**

## Sentenza substitución cargos

Unha sentenza do TSXG gañada pola CIG-Ensino pon fin á discriminación económica e administrativa na substitución das xefaturas de departamento

É contrario a dereito e vulnera o principio de igualdade o feito de que un docente cubra unha ausencia de longa duración da persoa que exerce a xefatura de departamento dun centro educativo sen cobrar polo exercicio dese cometido nin obter o recoñecemento administrativo correspondente.

**Así, demandamos que a Consellaría concrete instrucións no seguinte senso:**

- ☛ En todos os casos de exercicio temporal dunha xefatura de departamento, cargo directivo ou calquera outro cargo cunha retribución superior, o profesor ou profesora que sexa designada pola dirección do centro ou por quen corresponda, verá recoñecidos todos os dereitos inherentes a función que realiza.
- ☛ A tal fin, as Direccións Territoriais procederán en todos os casos a expedir un nomeamento temporal, previa designación pola dirección do centro cando corresponder, que rematará coa incorporación da persoa titular.
- ☛ Este nomeamento ou designación terá efectos tanto retributivos como administrativos (puntuación nos diferentes concursos), e durante o tempo que exerza esas funcións.

**Non van responder a ningún tema referido a sentenzas xudiciais.**

## Actualización dos orzamentos dos comedores escolares de xestión directa

Trasládanos desde so centros que cos 2,8€ por comensal faise case imposible facer uns menús de calidade, pensa a Consellaría subir esta asignación?

**Van trasladar o tema á Secretaría Xeral.**

## CIFP Manuel Antonio

Despois das protestas, concentración e paro parcial para reclamar solucións aos problemas causados polas obras e máis democracia no centro vai tomar algún tipo de medida a Consellaría ou vai seguir a súa habitual táctica de non escoitar.

## Nomeamentos de persoal substituto en novas vacantes

Os nomeamentos do persoal nomeado pola Consellaría despois das protestas da comunidade educativa en distintos centros estase facendo como persoal substituto, queremos entender que é un erro e que o seu contrato será como persoal interino, é dicir até 31 e agosto.

## Persoal substituto sen mestrado

Hai persoal en prácticas de mestrado traballando para a Consellaría en listas abertas nas que non era preciso o mestrado. Entendemos que á hora de realizar as prácticas para lograr o mestrado seranlle validadas.

**Derivan o caso cara as universidades, aceptando ao final que falaran coas universidades galegas.**

## Actualización nas sancións das listas de substitucións

Temos detectado que no último mes hai listas de substitución nas que se eliminaron sancións (asterisco) a persoas, de forma arbitraria, ao menos para nós, xa que hai persoas das mesma lista ás que se lle eliminan e ás que non, independentemente de que foran chamados ou non.

Tamén detectamos listados nos que se lle borrou o asterisco a todo o persoal.

Cal é o motivo destes cambios ou actualización?

**Será debido ás probas da nova aplicación.**

## Privacidade si, pero non a costa da transparencia

Tanto nas oposicións como no CXT, o traballo da CIG-Ensino permitiu, en numerosas ocasións, detectar e trasladar á Administración erros que afectaban ao persoal participante: erros de baremación por parte dos tribunais, incidencias nas convocatorias do persoal aspirante, así como erros de baremación no propio concurso de traslados.

Co sistema actual, no que só as persoas participantes, de xeito limitado, poden acceder á información dos procedementos, dificultase moito ese labor de revisión e apoio que facemos desde a nosa organización sindical e que tantas veces serviu para corrixir erros e evitar prexuízos maiores.

A protección de datos é importante, si, pero non pode aplicarse de maneira que acabe prexudicando as persoas

participantes. O que estamos vendo é que, baixo o argumento da privacidade, se está reducindo a transparencia e, con ela, as garantías destes procesos. Porque a privacidade está ben, pero non cando serve para ocultar erros, dificultar reclamacións ou impedir que se poidan detectar incidencias que afectan aos participantes.

Queremos que se busquen fórmulas que compatibilicen ambas cuestións: a protección dos datos persoais e o acceso á información necesaria para garantir o control, a revisión e a defensa efectiva dos dereitos do profesorado.

**A administración di que está traballando no tema, que hai posibilidades de ter acceso pero anonimizando os datos persoais.**

## **Sentenza conservatorios**

No CXT do curso 2024/25 a Consellaría de Educación retirou un total de 14 prazas nos dous Conservatorios Superiores de Música do país: 6 na Coruña e 8 en Vigo. As prazas foran inicialmente incorporadas na relación de vacantes provisionais e ofertadas na adxudicación provisional de prazas. Moitas das resultas en prazas de Conservatorios Profesionais ocupadas polas persoas que acadaran as prazas nos Superiores foran igualmente anuladas, provocando unha reacción en cadea que deixou tirados a moitos docentes con claras expectativas de conseguir o destino inicialmente adxudicado.

A CIG-Ensino denunciou publicamente esa actuación da Consellaría, realizou xestións coa Dirección Xeral de Persoal e reclamou en solitario na Mesa Sectorial unha rectificación da Consellaría, advertindo que, partindo dunha sentenza do TSXG do propio sindicato do ano 2018, só se poden eliminar prazas adxudicadas na resolución provisional se se cometeu un erro.

A sentenza acolle totalmente a argumentación presentada polos servizos xurídicos da CIG e obriga a que se lle adxudique ao profesor reclamante unha praza de Piano no CMUS Superior da Coruña

No actual concurso de traslados volve suceder algo similar. A Consellaría non quere cubrir unhas determinadas prazas nos CMUS superiores malia non estaren afectadas por ningunha litixiosidade nin supoñer ningún problema de cara á nova configuración dos corpos docentes das ensinanzas artísticas. Con esta decisión bloquean non só esas prazas senón todas as de CMUS profesionais que serían resultas. Neste ano, a Consellaría actuou previamente, con toda certeza para evitar novas sentenzas como a gañada. Por iso, eliminou das prazas comunicadas polas Xefaturas provinciais da Inspección Educativa ás catro Xuntas de Persoal. Así, neste concurso a Inspección informou positivamente un total de 43 prazas que na oferta provisional quedaron en 20. O reparto dos recortes é o seguinte: as 18 prazas iniciais nos CMUS superiores quedan en 9 e as 25 en CMUS profesionais quedan en 11.

A CIG-Ensino solicita a revisión de todas e cada unha das 23 prazas que non figuran na oferta provisional de vacantes e, non sendo que exista unha xustificación clara nalgunha delas, a súa incorporación na oferta e adxudicación definitiva do concurso xeral de traslados.

**Non van respostar a ningún tema referido a sentenzas xudiciais.**

## **Revisións médicas**

Levamos anos dicindo que hai que darlle unha volta a como se realizan as revisións médicas, solicitando un acordo entre consellarías para facelos no Sergas, sen resposta por parte do goberno.

Desta vez traemos unha queixa puntual das compañeiras de Compostela, e se isto pasa nunha das grandes cidades de Galiza, que podemos esperar das revisións en pequenas vilas.

O caso é que cando se realiza a primeira petición de cita para a revisión médica é necesario marcar que se quere realizar un recoñecemento específico para poder ter a opción de poder facer unha revisión xinecolóxica. Nesa primeira cita na mutua, no caso de ter pedido o recoñecemento específico, danche un volante para que pidas cita noutra clínica para facer o recoñecemento xinecolóxico (no caso de Santiago tes a opción de facer este recoñecemento en 2 clínicas), até aquí poderíamos dicir que burocrático pero correcto, pero isto non remata aquí, unha vez realizas este recoñecemento xinecolóxico, no caso de que sexa preciso realizar unha mamografía deberás pedir unha nova cita enviando o xustificante coa necesidade desa proba para seguir avanzando na revisión xinecolóxica, que dependendo da clínica que elixiras para o recoñecemento xinecolóxico pode ser outra distinta, co cal volta á cela de saída.

Vai a administración tomar as medidas necesarias para que as mutuas fagan as revisións en clínicas onde se podan facer todas as probas necesarias? **Respostan que trasladarán.**

## **Prazas nos CREDO**

Segundo información trasladada polo profesorado que traballa nos CREDO pola especialidade de Prácticas e Actividade está previsto que no vindeiro curso escolar 2026/27 se xubilen todas as persoas que formaban parte inicialmente desa lista, quedando unicamente profesorado de Servizos á Comunidade para cubrir eses postos.

Tendo en conta isto, a CIG-Ensino quere saber se a Consellaría de Educación ten previsto facer algún cambio ao respecto desa especialidade. Desde o sindicato consideramos que se debe manter, como até agora, o dereito do profesorado da especialidade de Servizos á Comunidade a poder solicitar esas prazas. En todo caso, entendemos que se poden dar dous escenarios: que unha vez que xa non haxa profesorado da especialidade de Prácticas e Actividades esta desapareza como tal polo que as prazas dos CREDO se deberían pedir pola especialidade de Servizos á Comunidade ou que se mantexa a vella especialidade para as prazas nos CREDO. Esta segunda opción non requiriría de ningún cambio na orde de CADP nin no sistema de adxudicación polo que nos parece a máis sinxela, tamén para o profesorado xa que non se vería afectado por ningún cambio. En todo caso, agardamos que se nos dea unha resposta por parte da Consellaría.

**Non teñen tomada decisión algunha.**